

Así mesmo, indica que aínda se encontran pendentes de publicación as actas correspondentes ó VII Congreso, celebrado en Barcelona en 2003, ó non ser posible completalas no prazo inicialmente previsto. Esta demora ten que ver co feito de que algunhas contribucións non foron enviadas ata moi tarde, alén da aparición dun problema informático serio ocorrido no proceso de edición, o cal retrasou considerablemente o traballo. Así mesmo, dada a necesidade de colaborar desde a Xunta directiva na organización do VIII Congreso, os esforzos deberán concentrar nos últimos meses nesta área. En todo caso, as Actas serán completadas e remitidas proximamente.

Por outra banda, púidose reforza-la relación existente con investigadores no exterior, a pesar da necesidade dunha maior información común, tarefa que se agarda poder abordar no vindeiro trienio. En todo caso, os contactos de membros da Xunta directiva con socios individuais foi moi importante, e aproveitouse a infraestrutura creada no VII Congreso de Barcelona a través do Canal Estudos Galegos. Esta rede permitiu crear unha comunidade virtual que segue a espallarse e incrementarse, malia a necesidade de intensificar aínda máis os esforzos neste sentido.

Por cuestións internas, resultou imposible que a secretaria Ana M<sup>a</sup> Nolasco de Maceda desempeñase o seu cargo. No seu lugar, foi nomeado polo comité organizador do Brasil Jéferson Barcelar, que tamén desistiu do seu cargo. Por esta razón, o presidente Basilio Losada nomeou secretario en funcións un membro da Xunta Directiva: Gabriel Rei-Doval.

A tesoureira, Olivia Rodríguez González, informa do cambio de domicilio realizado na conta, para que a xestión fose máis áxil, trasladándoa da oficina de Muros a outra da zona da Coruña. Unha vez que se produza a entrada da nova tesoureira, a xestión será moito máis sinxela, dado que se utilizarán novos servizos a través de internet ofrecidos por Caixa Galicia.

No relativo ás cotas de socios, realizouse a súa domiciliación. A lista está formada nestes momentos por 50 socios co cobro domiciliado na maior parte dos casos. Algúns dos que residen fóra do Estado Español realizan o seu pagamento a través de tarxeta de crédito, e os custos deste proceso serán limitados e asumibles. O cargo correspondente a estas cotas a través de tarxeta será realizado en breve. Así mesmo, ingresáronse as cotas dos socios que estaban pendentes desde 2004.

A tesoureira realiza tamén un resumo do informe económico (que se achega con esta Acta). Cóntase cunha subvención de 6.000 euros do Consello da Cultura Galega e outra da mesma contía da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, aínda pendentes de ingreso nos dous casos. Grazas ó remanente existente puideróñse afrontar os gastos do VIII Congreso, xa que a UFBA só puido realizar algúns pagamentos desde a Universidade, procedentes tamén de cartos públicos galegos.

Algúns dos gastos do Congreso están relacionados coa empresa Portte Eventos, que Jéferson Barcelar contratou durante o seu período como secretario da Asociación para a organización do congreso. Igualmente, foi preciso alugar os locais da Facultade de Comunicación (FACOM) da UFBA ó ser comunicado por parte do Hotel Vila Galé nos últimos días de xullo de 2006 que as súas instalacións non podían servir como local para o evento. En todo caso, o importe do alugueiro da FACOM é inferior ó orzamentado por Vila Galé. Así mesmo, a Universidade de Santiago, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Dirección Xeral de Cultura e o Consello da Cultura Galega permitiron cubrir os gastos de desprazamento de diversos conferenciantes, de xeito que a AIEG só tivo que abo-

